

OBSERVAMOS CÉLULAS DA EPIDERME DA CEBOLA


Todos os seres vivos están formados por células
As células de animais e vexetais son diferentes

OBXECTIVOS

- Familiarizarnos co uso do microscopio óptico
- Comprobar que todos os organismos están formados por células
- Visualizar células vexetais

MATERIAL

- Microscopio
- Porta e cubreobxectos
- Coitela
- Pinzas
- Frasco lavador
- Azul de metileno
- Papel absorbente
- Placa petri
- Bulbos de cebola



PROCEDEMENTO

1. Colocamos unha pinga de auga no portaobxectos baleiro
2. Coa axuda da coitela e pinzas, illamos unha parte pequena (1 cm cadrado aproximadamente) da epiderme da cebola (é como unha teíña fina que atoparás pegada á parte cóncava das capas da cebola) e colocámola sobre a pinga do portaobxectos
3. Escorregamos o exceso de auga sobre un papel absorbente
4. Colocamos o portaobxectos sobre unha placa petri
5. Engadimos unha pinga de azul de metileno sobre a mostra e deixamos tinxir durante 5 minutos
6. Lavamos a mostra engadindo auga pinga a pinga. Se fai falla, recolocamos a mostra coa axuda das pinzas
7. Colocamos o cubreobxectos, retirando o exceso de auga co papel absorbente
8. Observamos no microscopio

RESULTADOS

Anota e debuxa no envés desta páxina o que ves cos diferentes obxectivos refente á forma da célula ás seguintes partes:

Paredes celulares, membranas plasmáticas, citoplasma, núcleo